



Premio de Teatro para Autores/as noveis "Calderón de la Barca"

O Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música convoca o Premio de Teatro para Autores/as Noveis "Calderón de la Barca".

O Premio ten como finalidade recoñecer o mérito na creación dramaturxica mediante a distinción da obra teatral dun autor novel.

Persoas beneficiarias:

Autores/as noveis de teatro, españois e nacionais e doutros Estados da Unión Europea. Enténdese por autor/a novel aquel que aínda non estrese de forma pública máis dunha obra en circuítos de exhibición con rendementos de despacho de billetes. Para ese efecto, quedarán excluídas deste cómputo as pezas de teatro breve.

As persoas solicitantes deberán presentar obras teatrais de tema orixinal cuxa duración sexa a normal dun espectáculo dramático completo, non admitíndose pezas de teatro breve nin adaptacións. As obras poderán estar escritas en calquera das linguas oficiais de España.

A *dotación* económica do premio é de 10.000 €.

O *prazo* para presentar solicitudes estará aberto ata o 24 de maio de 2021. Máis información no [BOE do 4 de maio de 2021](#)